



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2019/20 |
|-----------------------|--|--------------------|----------|-----------|---------|
| Asignatura (*) | Espazo de liberdade, seguridade e xustiza | | Código | 612447311 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea (Plan 2017) | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 6 | |
| Idioma | CastelánGalego | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Dereito PrivadoDereito Público | | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | | |
| Profesorado | | Correo electrónico | | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | <p>A docencia que se imparte nesta materia persigue principalmente a adquisición polo estudante dun grao axeitado de coñecementos sobre a materia do Espazo de liberdade, seguridade e xustiza, que integra:</p> <p>A) Dereito Procesual Penal e Civil: Adquirir os coñecementos básicos sobre a cooperación xudicial en materia civil e penal no marco da Unión Europea.</p> <p>B) Dereito Penal: Adquirir os coñecementos básicos sobre os procedementos e mecanismos mediante os cales está a xurdir un emerxente sistema penal da Unión Europea, así como os primeiros resultados normativos deste novedoso ius puniendi da Unión.</p> <p>C) Dereito Internacional Privado: Adquirir os coñecementos básicos sobre multiculturalidade, uniformidade e orden público no espazo de xustiza e seguridade.</p> <p>Asemade, coas aulas prácticas desta materia preténdese que os coñecementos teóricos podan ser aplicados polos estudantes para a resolución de casos prácticos, o que lles servirá non só como exercicio para o afianzamento dos coñecementos adquiridos, senón tamén para acadar unha serie de destrezas que poderán aplicar no exercicio profesional.</p> | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
| | |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|---|-------------------------------------|--|--|
| Que o alumno coñeza as claves do réxime de libre circulación de persoas, servizos e capitais | | | |
| Coñecemento das institucións da UE e das vías de acceso ante elas para os cidadáns e persoas xurídicas | | | |
| Coñecemento dos diferentes estatutos xurídicos persoais existentes baseándose na nacionalidade: nacionais, comunitarios e estranxeiros alleos ao espazo Schengen. | | | |
| Manexo solvente do portal xurídico comunitario en Internet, incluso dende a casa, ós efectos de poder localizar todo tipo de documentación xurídica da Unión Europea, normativa ou non normativa. | | | |
| Coñecemento e aplicación do sistema de recursos e procedementos xudiciais comunitarios. | | | |
| Estudo dos elementos integradores do espazo de liberdade, seguridade e xustiza | | | |
| Capacidade crítica para analizar as distintas problemáticas derivadas dos aspectos xurídicos, institucionais, xeográficos e materiais que integran a dimensión exterior da Unión Europea. | | | |
| Que o alumno sexa capaz de aplicar coñecementos para a resolución de problemas nos novos ámbitos ou en ámbitos pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos ou multidisciplinares. | | | |
| Que sexa capaz de comunicar as súas conclusións -así como os coñecementos e razóns que as sustentan- a públicos especializados e non especializados. | | | |

Contidos

| |
|--|
| |
|--|



| Temas | Subtemas |
|---|--|
| Bloque 1º.- DEREITO PENAL | <p>Lección 1ª.- Os presupostos dun Dereito Penal da UE: Evolución histórica e situación actual</p> <p>Lección 2ª.- Europeización do Dereito e sistemas penais dos Estados membros</p> <p>Lección 3ª.- O Corpus Iuris como modelo operativo. Perspectivas do Dereito Penal da UE</p> <p>Lección 4ª.- Dereito Penal Económico da UE: libre competencia, branqueo de capitais, tutela dos intereses financeiros da UE</p> <p>Lección 5ª.- Políticas penais da UE en materia de delincuencia organizada transnacional: terrorismo, migracións ilegais, tráfico de drogas</p> <p>Lección 6ª.- Dereito Penal ambiental e delitos contra a Administración pública</p> |
| Bloque 2º-A.- DEREITO PROCESUAL ? Cooperación xudicial en materia civil | <p>Lección 7ª.- A cooperación xudicial civil no proceso de construción da UE</p> <p>Lección 8ª.- A asistencia xudicial civil entre os Estados membros da UE</p> <p>Lección 9ª.- Os procesos europeos</p> |
| Bloque 2º-B.- DEREITO PROCESUAL ? Cooperación xudicial en materia penal | <p>Lección 10ª.- Eurojust e os equipos conxuntos de investigación na Unión Europea</p> <p>Lección 11.- A orde de detención e entrega europea</p> <p>Lección 12ª.- O recoñecemento mutuo de resolucións e de probas en materia penal</p> |
| Bloque 3º.- DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO | <p>Lección 13ª.- Diálogo cultural versus multiculturalidade no espazo de xustiza e seguridade</p> <p>Lección 14ª.- A aproximación do Dereito Civil europeo: uniformidade versus seguridade</p> <p>Lección 15ª.- A importancia da delimitación dun concepto de orde pública europea</p> |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Discusión dirixida | | 4 | 16 | 20 |
| Presentación oral | | 6 | 60 | 66 |
| Sesión maxistral | | 40 | 60 | 100 |
| Proba mixta | | 8 | 54 | 62 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------|--|
| Discusión dirixida | A discusión dirixida é unha ferramenta que propicia a intervención do alumnado en clase a partir dun tema proposto sobre as materias que se están a impartir e, normalmente, de actualidade. Así mesmo provoca que o alumnado busque solucións de xeito rápida a partir do coñecemento adquirido nas sesións anteriores |
| Presentación oral | A presentación oral é unha técnica habitualmente utilizada nos Mestrados para a exposición oral dos traballos preparados polo alumnado. Unhas veces trátase dun traballo de investigación, outras da presentación de casos resoltos, etc. |
| Sesión maxistral | As clases presenciais desenrólanse a partir dunhas sesións teóricas baseadas na lección maxistral. Despois utilízanse outras técnicas como as discusións dirixidas ou as presentacións orais |
| Proba mixta | Para a avaliación do alumnado ademais do que supón a avaliación continua durante o desenvolvemento do módulo tense en conta o resultado dunha proba mixta que, se ben pode variar dun curso a outro, basicamente está composta de preguntas tipo test, preguntas curtas, algunha pregunta a desenvolver e a resolución de casos prácticos. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
|--------------|------------|



| | |
|----------------------------------|---|
| Presentación oral Proba mixta | Normalmente, para a preparación da presentación oral dos traballos de investigación ou dos casos resoltos é aconsellable a participación do profesorado para a supervisión, a resolución de dúbidas, a corrección dos borradores, etc. Así mesmo en vistas á preparación da proba mixta é moi conveniente a consulta e o asesoramento do profesorado, o cal require unha atención personalizada. |
|----------------------------------|---|

| Avaliación | | | |
|--------------------|---------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Discusión dirixida | | A valoración da discusión dirixida consistirá na asistencia habitual as clases presenciais e na participación dos mesmos | 2 |
| Presentación oral | | Para a cualificación da presentación oral valorarase, principalmente, a calidade do traballo presentado ou a do caso resolto. Así mesmo, terase en conta a claridade na exposición e a corrección na argumentación e nas respostas ás cuestións formuladas | 20 |
| Proba mixta | | Tal e como se expuxo no apartado das metodoloxías a proba conxunta pode estar constituída por varios capítulos: preguntas tipo test, curtas, a desenrolar, caso práctico, etc. Dependendo da configuración do exame concreto farase unha ponderación dos resultados de todas as cuestións | 65 |
| Sesión maxistral | | A valoración da sesión maxistral consistirá na asistencia habitual ás clases presenciais e na participación nos debates dirixidos e na resposta ás cuestións formuladas | 11 |
| Outros | | | |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |

| Fontes de información | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | Bibliografía básica: ARMENTA DEU, T., GASCON INCHAUSTI, F. y CEDEÑO HERNAN, M. (Coordinadores) con AAVV. El Derecho procesal penal en la Unión Europea. Madrid, 2006. AA.VV.: El tercer pilar de la Unión Europea. La cooperación en asuntos de Justicia e interior. Madrid, 1997. AA.VV.: El espacio europeo de libertad, seguridad y Justicia, Madrid, 2000. Fonseca Morillo, F.: El espacio de libertad, justicia y seguridad. Barcelona, 2002. Peers, S.: EU justice and home affairs law. London, 2000. |
| Bibliografía complementaria | Bibliografía complementaria: MUSACCHIO, V., Diritto penale dell'Unione Europea. Cedam, Padova, 2005. AA.VV., Harmonization of Criminal Law in Europe, Intersentia. Antwerp, 2005. DANNECKER, G., Evolución del derecho penal y sancionador comunitario europeo. Marcial Pons, Madrid, 2001. CARNEVALI RODRÍGUEZ, R., Derecho penal y derecho sancionador de la Unión Europea. Comares, Granada, 2001. Gascón Inchausti, F.: El título ejecutivo europeo para créditos no impugnados, Navarra, 2005. Herrera Petrus, C.: La obtención internacional de pruebas. Asistencia jurisdiccional en Europa, Bolonia, 2005. Diago Diago, M.P.: La obtención de pruebas en la Unión Europea, Navarra, 2003. Walter, G.; Baumgartner, S.P.: Recognition and enforcement of foreign judgements outside the scope of the Brussels and Lugano conventions, The Hague, 2000. Werlauff, E.: Common European procedural law: European law requirements imposed on national administration of justice, Copenhagen, 1999. Recursos web: BIBLIOTECA UDC: http://www.udc.es/biblioteca/ BOE: http://www.boe.es/ DOGA: http://www.xunta.es/dog/ BASE DE DATOS ARANZADI: http://www.westlaw.es/westlaw/ (só pode consultarse a través da UDC) PORTAL DE DERECHO IUSTEL: http://www.iustel.com/ (só pode consultarse a través da UDC) UNIÓN EUROPEA: http://europa.eu/ EUROPOL: http://www.europol.europa.eu/ EUROJUST: http://www.eurojust.europa.eu/ RED JUDICIAL EUROPEA EN MATERIA CIVIL Y MERCANTIL: http://ec.europa.eu/civiljustice/ ATLAS JUDICIAL EUROPEO: http://ec.europa.eu/justice_home/judicialatlascivil/html/index_es.htm RED JUDICIAL EUROPEA EN MATERIA PENAL: http://www.ejn-crimjust.eu.int/ |



| Recomendacións |
|--|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| Espazo de Liberdade, Seguridade e Xustiza/612402206 |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías